

## III TRAVESÍA A NADO

AS PERAS 2025



CONCELLO DE PONTEDEUME

### 1. - ORGANIZACIÓN.-

Correrá a cargo da Concellería de Deportes do Concello de Pontedeume coa colaboración do C.N. ENTREPONTES, C.N.R. Ferrol, Club Náutico FIRRETE e Protección Civil de Pontedeume.

### 2.- DATA E HORA DE CELEBRACIÓN.-

A travesía celebrarase o sábado 9 de agosto de 2025, ás 16.45 horas categorías Pitufos e Categoría A. Ás 17 horas resto de categorías.

### 3.- LUGAR DA PROBA.-

A proba discorrerá sobre un triángulo, con saída e meta na Praia de Sopazos (debaixo da ponte do tren).

### 4.-INSCRICIÓNS.-

Levarase a cabo entre o 6 de xullo e o 7 de agosto, ámbolos dous incluídos. **NON SE ACEPTARÁN INSCRICIÓNS O MESMO DÍA DA PROBA.**

**Admitiranse un máximo de 200 participantes, por orde estrita de inscrición.**

As inscricións son libres e poderán participar todos os nadadores que o desexen, posúan ou non licencia federativa.

Os clubs poderán facer unha inscrición conxunta, separando por categorías e sexos aos seus nadadores.

Para formalizar dita inscrición é necesario facelo enviando un mail á conta [travesianadoasperas@gmail.com](mailto:travesianadoasperas@gmail.com) cos seguintes datos:

Nome e apelidos.-

Ano de nacemento (día, mes e ano) e categoría.-

Club no que milita (se procede).-

Tfno.-

Uso de neopreno.- Si Non ( Marca segundo vaias nadar)

Desexas nadar distancia distinta á que che corresponde? Si Non

En caso afirmativo indica que distancia.-

## **5.- CATEGORÍAS E DISTANCIAS.-**

PITUFOS.- 2017, 2018, 2019

CATEGORÍA A.- Nados/as anos 2014, 2015, 2016

CATEGORÍA B.- Nados/as anos 2011, 2012, 2013

CATEGORÍA C.- Nados/as anos 2008, 2009. 2010

CATEGORÍA D.- Nados/as entre os anos 2007 e 1975

CATEGORÍA E.- Nados/as no 1974 e anteriores

Pitufos.- 100m

Categoría A.- 300m

As categorías B - E Terán un circuío de 750 m

As categorías C - D Terán un circuío de 1500m

## **6.- TROFEOS.-**

PITUFOS e CATEGORÍA A todos os participantes terán premio.

As demais categorías tanto masculinas como femininas, terán trofeo os tres primeiros clasificados en cada unha.

## **7.- PROBA POPULAR**

Para poder optar aos premios, non se poderán utilizar aletas, flotadores ou similares, nin traxes de neopreno e nadar na categoría que lle corresponda por ano de nacemento.

**EN CASO DE NADAR FÓRA DA SÚA CATEGORÍA OU CON TRAXE DE NEOPRENO, FARASE CONSTAR NA INSCRICIÓN E LEVARÁ ACOMPAÑADA A EXCLUSIÓN DA CLASIFICACIÓN FINAL PARA OS PREMIOS**

A organización poderá modificar este regulamento ou o circuío polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.

Ao se inscribiren, todos os nadadores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación ou en internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a nadador/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións respecto da súa actividade.

Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reñitidas neste regulamento.

Obedecendo ao CARÁCTER POPULAR da travesía, NON SERÁN ADMITIDAS RECLAMACIÓNS. Serán excluídos da travesía os nadadores/as que presenten calquera tipo de conduta antideportiva cara aos seus compañeiros ou persoas que formen parte da organización.

## **8.- SEGURIDADE.-**

Durante a celebración da travesía a Organización contará coa colaboración de Protección Civil Pontedeume, C.N Entrepontes e C.N. Firrete co fin de garantir a seguridade dos nadadores/as durante a proba.

A Organización ten subscrito un Seguro Colectivo. De tódolos xeitos, a Organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.


A travesía darase por finalizada aos 45 minutos seguintes de darse a saída. Todo participante que non finalizase a mesma nese tempo, quedará descualificado automaticamente.

A entrega de trofeos realizarase unha vez finalizada a proba.

## 9.-PERCORRIDOS


### 300 METROS:

Saída- Boia de desmarque pola dereita. Boia debaixo da ponte pola dereita.  
Columna da ponte de Pontedeume pola esquerda. Chegada




### 750 METROS:

Saída. Boia de desmarque pola esquerda. Boia da Virxe do Carme, pola dereita. Boia de do faro do espigón de Cabanas pola dereita. Boia debaixo da ponte, pola dereita. Boia de desmarque pola esquerda. Chegada.



1500 m

Saída. Boia de desmarque pola esquerda. Boia da Virxe do Carme pola dereita. Boia debaixo da estación, pola dereita. Boia do faro do espigón de Cabanas pola dereita. Boia debaixo da ponte pola dereita. Boia de desmarque pola esquerda. Chegada



GRAZAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN!!!

